

XXX en representación de Asociación  
Sociocultural Mariña Patrimonio  
[mr.patrimonio@gmail.com](mailto:mr.patrimonio@gmail.com)

Reclamante: XXX en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio  
Expediente. Nº **RSCTG 163/2023**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vistas ás reclamacións presentadas por XXX, en representación da Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio, mediante escrito do 15 de maio de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de setembro de 2023, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX, en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio, presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de maio de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con data 31 de marzo de 2023, de acceso -e copia- á documentación pública que obre en poder da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, relacionada coa futura construción do treito Barreiros-Foz, da Autovía da Mariña A-74, e a súa previsible afectación ao xacemento arqueolóxico da Explotación Mineira da Espiñeira (XXX) situado en Vilaronte, Foz, Lugo.

A Asociación reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada con sinatura electrónica de asociación, e do DNI de XXX.

**Segundo.** Con data 23 de maio de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 19 de setembro de 2023 a Consellería de Cultura, Educación y Universidade contesta a petición remitido informe no que comunica que ditouse Resolución favorable o día 27 de xuño de 2023, notificada ese mesmo día, e citouse á Asociación reclamante para o 7 de xullo de 2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo establecido polo artigo 27.4 da Lei 1/2016, pero ditou resolución expresa con data posterior á da presentación da reclamación ante a Comisión pola Asociación, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A Asociación interesada solicitou acceso e copia á documentación pública que obre en poder da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, relacionada coa futura construción dun treito da Autovía da Mariña A-74, e a súa previsible afectación ao xacemento arqueolóxico da Explotación Mineira da Espiñeira (XXX) situado en Vilaronte, Foz, Lugo, sen obter resposta.

A Consellería non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero con data do 13 de xullo de 2023, notificada no mesmo día, a solicitude de acceso foi resolta de forma positiva facilitándoselle o acceso á información á Asociación interesada.

Como se indicou nos antecedentes, a administración pronunciou resolución estimatoria con respecto á solicitude que dá orixe a esta reclamación con data posterior a que a reclamación se tiña presentado e estaba en tramitación. Debe considerarse que a información proporcionada é conforme coa solicitude exposta, tendo en conta que a Comisión da Transparencia parte da base de que, nas súas relacións con outras administracións públicas, rexen os principios xerais do artigo 3.1.e) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, implica que a información posta ao dispor do reclamante comprende a totalidade da que figura en poder da Administración na materia e no período especificado na solicitude de acceso á información.

Por tanto, coa información proporcionada dáse cumprida resposta ao solicitado polo reclamante. Ao non terse recibida obxección algunha por parte de XXX sobre a información recibida, débese entender que o seu dereito foi satisfeito aínda que de forma extemporánea polo que procede estimar por motivos formais a presente reclamación, sen que proceda efectuar actuacións complementarias e sen prexuízo de que se a Asociación reclamante o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución

expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

## ACORDA

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por XXX, en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio, con data do 15 de maio de 2023, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con data 31 de marzo de 2023, de acceso -e copia- á documentación pública que obre en poder da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, relacionada coa futura construción do treito Barreiros-Foz, da Autovía da Mariña A-74, e a súa previsible afectación ao xacemento arqueolóxico da Explotación Mineira da Espiñeira (GA27019024) situado en Vilaronte, Foz, Lugo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**